

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de xullo de 2008 pola que se resolve o concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos.

Pola Orde do 27 de febreiro de 2008 convocouse concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos.

En aplicación do disposto no artigo 9.1º da referida orde de convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 9.2º da citada orde os funcionarios que resulten seleccionados quedarán adscritos aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2008, para un período de tres anos, ampliable a outros tres, condicionado á superación dun proceso de avaliación do exercicio da súa actividade.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

-Área ou ámbito de linguas estranxeiras-Ferrol: vacante.

-Área ou ámbito de formación profesional-Ferrol: Tenreiro Allegue, Vidal (DNI 32635532-G).

-Área ou ámbito de lingua galega-Noia: Mazaira Garro, Leonor Beatriz (DNI 34245756-K).

-Área ou ámbito humanístico-A Pobra do Caramiñal: García Videla, Domingo Manuel (DNI 33245918-Q).

-Área das tecnoloxías da información e da comunicación-Lugo: López Castro, José Manuel (DNI 33860840-X).

-Área ou ámbito de formación profesional-Lugo: Reija Santiso, Teresa (DNI: 33317648-D).

-Área ou ámbito de educación artística-Vilagarcía de Arousa: Ruibal García, Mª del Carmen (DNI 35307291-Z).

-Área ou ámbito de educación infantil e primaria-Vigo: Vázquez Vázquez, Juan Carlos (DNI 36086204-D).

-Área ou ámbito humanístico-Vigo: González Martínez, Xosé Manuel (DNI: 35995296-C).

-Área ou ámbito científico-tecnolóxico-Tui: Veiguela Fuentes, Marcelino José (DNI 09372366-G).

Orde do 7 de xullo de 2008 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

Pola Orde do 11 de marzo de 2008 convocouse concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

En aplicación do disposto no artigo 10º da citada convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva das prazas obtidas no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 10.2º as prazas adxudicadas serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data 1 de setembro de 2008, cesando no seu destino de procedencia o 31 dese ano.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

-Trastornos de conduta-EOE da Coruña: García Sánchez, María Luisa (DNI 32788124-Z).

-Trastornos de conduta-EOE de Lugo: Barrios Estoa, Marta (DNI 33328211-S).

-Trastornos de conduta-EOE de Pontevedra: Mariño Castro, Carlos (DNI 34239198-H).

-Orientación vocacional e profesional-EOE A Coruña: Álvarez Agudo, Domingo (DNI 32747713-Z).

-Orientación vocacional e profesional-EOE de Lugo: Fernández Fernández, Mª Carmen (DNI 33837138-K).